

# Rusia e EEUU: Un sistema internacional en movemento

*Mariano Aguirre*

**E**stá comezando unha nova guerra fría entre Estados Unidos e Rusia? Algúns signos parecen indicar que se podería volver á tensión que houbo entre Moscova e Washington desde o final da segunda guerra mundial ata 1989, e que estivo baseada na competencia militar e o control de zonas de influencia. Volve-mos tamén a unha clara diferenza e enfrontamento entre o Norte e o Sur?

É máis sinxelo establecer similitudes ca entender as novas realidades, pero o escenario que está emerxendo non é o das dúas potencias de signo ideolóxico diferente competindo polo resto do mundo, senón que Estados Unidos e Rusia son dous actores claves dentro dun conxunto internacional multipolar en que diversos estados e actores non estatais pugnan por intereses pragmáticos.

Respecto á ideoloxía, xa non se trata do enfrontamento entre o comunismo e o capitalismo: as identidades nacionais, relixiosas ou étnicas son elementos ideolóxicos que se usan para cohesionar comunidades e gañar lexitimidade interna, desde o patriotismo mesiánico dos Estados Unidos ata o orgullo nacionalista ruso, pasando polo populismo de Hugo Chávez en Venezuela, o neocomunismo chinés e o nacionalismo hexemónico de Irán.

En relación ao enfrontamento Norte-Sur, as cuestións non son tampouco nin iguais nin lineais: os talibáns en Afganistán, os grupos armados en Iraq ou Hamas en Palestina son organizacións moi diferentes entre si e moi afastadas dos grupos de liberación nacional do poscolonialismo entre os anos 50 e 70 do século XX. A violencia entre comunidades, a guerra milenarista contra “Occidente” en casos como Al-Qaeda, e a conexión económica entre comercios ilegais e grupos armados non estatais, cambiaron o escenario.

Unha das características máis notables e complexas do presente sistema internacional é a conexión entre situacións. Se ben durante a guerra fría houbo unha proxección da pugna entre Este e Oeste cara ao denominado Terceiro Mundo, na fase actual hai un vínculo moito máis estreito e, debido á comunicación global, rápido entre situacións e conflitos. A polémica entre Estados Unidos e Rusia ten precisamente esa característica de interconexión entre o local e o global.

## Os desgustos de Moscova

---

En febreiro de 2006 o presidente Vladimir Putin aproveitou a conferencia anual transatlántica sobre seguridade de Múnic para criticar o unilateralismo dos

Estados Unidos, o desprezo do goberno de George W. Bush polo dereito internacional, a guerra de Iraq e a forma en que Washington leva a cabo cuestións como apoiar a posible independencia de Cosova e instalar un sistema antimísiles en Polonia e a República Checa. Todo isto, segundo o presidente ruso, sen consultar con Moscova.

As tensións entre Moscova e Washington proxéctanse tamén sobre que facer en Irán e a estratexia cada vez máis ofensiva de Estados Unidos en Afganistán e a súa presión sobre os aliados da OTAN para que comprometan máis tropas con mandatos ofensivos.

Estados Unidos propuxo aos países do Leste europeo formar parte dun sistema de mísiles que hipoteticamente eliminarían en voo a outros mísiles que fosen lanzados dende Irán ou Corea do Norte. Os problemas son diversos. Por unha banda, o sistema é moi caro (225 millóns de dólares só para o ano próximo) e ata agora só amosou fallos e ineficacias<sup>(1)</sup>.

Por outra banda, Moscova non o ve orientado a se defender de potencias afastadas senón como unha confirmación, xunto coas bases que Washington instalará en Romanía e Bulgaria, da expansión da OTAN e dos Estados Unidos ata as súas mesmas fronteiras.

O ex-primeiro ministro ruso Evgueni Primakov escribiu en febreiro deste ano no *Moskovskíé Novosti* que a idea é “encerrar” a Rusia e que a resposta será cambiar a estratexia militar incluíndo á “máquina de guerra da OTAN” entre as posibles ameazas<sup>(2)</sup>. En marzo informouse que a estratexia xa se está a revisar e que será moito máis dura contra a “expansión” occidental cara “ao espazo posoviético”<sup>(3)</sup>.

Ao desprezar o seu sistema antimísiles en Europa oriental, Washington busca impoñer a Europa a súa vontade (un reflexo da guerra fría) contando con aliados como a chanceler alemá Ángela Merkel e o saínte primeiro ministro británico, Tony Blair para combater calquera aspiración crítica de Francia e outros países do continente. De feito, en Europa hai dúbidas sobre a efectividade dese sistema contra mísiles e preocúpalles o custo que terán que compartir no futuro.

Despois de case unha década de crise e debilidade, Rusia apóiase na centralización autoritaria do poder e, especialmente, nas rendas do petróleo e das armas nucleares para relanzar o seu poder e tratar de recuperar a cota de poder que tiña durante a guerra fría. Ante as eleccións presidenciais de 2008, Putin amósase forte ante Occidente co fin de gañar adhesións nacionalistas internas e o apoio das forzas armadas rusas. A súa vez, tenta ser aceptado como un país novamente poderoso que non pode ser cuestionado nas súas políticas internas, sexa nos controis á liberdade de empresa e de expresión, ou a intervención militar represiva en Chechenia. Neste

(1) *Missile fantasies*, editorial en The Washington Post, 25 de febreiro de 2007.

(2) Reproducido como PRIMAKOV, Evgueni: *Une montée en puissance américaine qui inquiète Moscou*, *Courrier International*, 858, 15 de febreiro de 2007, p13.

(3) HARDING, Luke: *Russian generals aim again at NATO and the West*, *The Guardian Weekly*, 16 de marzo de 2007.

sentido van dirixidas as últimas declaracións de Putin sobre as organizacións internacionais, ás que cualifica de “arcaicas, non democráticas e torpes”<sup>(4)</sup>.

Rusia está en desacordo coas políticas dos Estados Unidos e Europa en Afganistán e en Cosova. Neste último caso considera que a independencia de Cosova de Serbia, que Washington e Bruxelas están dispostos a apoiar, podería xerar un “efecto dominó” en rexións que aspiran á independencia en zonas da ex-URSS, como Abxasia, Osetia do Sur, Alto Karabakh e Transnistria<sup>(5)</sup>. A súa vez, non quere ningunha interferencia no seu conflito coa rexión autónoma de Chechenia, en que grupos islamitas radicais cuestionan a súa intervención e represión.

## O declive dos Estados Unidos

---

O caso ruso serve de exemplo para as novas tensións que están xurdindo no sistema internacional. Europa parece estar no centro da polémica entre Moscova e Washington, pero é o conxunto do sistema internacional o que se atopa nun proceso de cambio profundo co declive dos Estados Unidos, o ascenso de potencias rexionais, o novo papel de Rusia e China, e a ampliación de Europa. Un dos factores claves nesta ecuación é o papel diferente dos Estados Unidos, algo fronte ao que outros actores reaccionan de formas moi diversas.

Estados Unidos xa non é a potencia dominante. Se ben continúa sendo poderosa, ten serios problemas internos de cohesión social, enfrontamentos entre unha visión secular e outra relixiosa do Estado, disfuncionalidades de xestión entre o sector público e o privado e entre o goberno central e as autoridades federais, como se fixo patente na crise do furacán Katrina en Nova Orleáns en 2005.

A súa vez, Washington posúe unha falta de credibilidade externa que deriva en parte dunha falta de visión estratéxica, que lle fixeron perder o liderado. O debate sobre o papel dos Estados Unidos será central durante un longo tempo.

Existe un crecente acordo que ese país se atopa nunha etapa de declive do seu liderado –imperial para uns, democrático para outros–. Pero de feito conservará un gran peso durante décadas, probablemente perderá máis poder, pero non haberá outras potencias que lle equilibren<sup>(6)</sup>. Algúns analistas consideran que esta falta de liderado global acentuará o caos. Con todo, é precisamente a falta de política e visión global o que converteu aos Estados Unidos en parte do problema e non das solucións en Oriente Medio, por exemplo.

Non hai, non obstante, un claro consenso sobre se Estados Unidos está afectado por unha crise circunstancial debida ao goberno de George W. Bush ou se se trata dunha crise a longo prazo. No primeiro caso, sería unha situación que se pode-

---

(4) BONET, Pilar: *Rusia propone un nuevo orden económico*, El País, 11 de xuño de 2007.

(5) BONET, Pilar: *Moscú teme un efecto dominó*, El País, 22 de xuño de 2007.

(6) RUSSELL, Roberto: *El orden político internacional pos-Irak*, en HIRST, Monica et al: *Imperio, estados e instituciones*, Altamira, Buenos Aires, 2004, p21.

ría superar se o próximo goberno aposta polo multilateralismo, evita aventuras agresivas como a guerra de Iraq, colabora cos aliados de diversos continentes, fortalece as Nacións Unidas, reconece o papel de Europa e encamiña unha política práctica con Rusia e China.

Estas son as principais conclusións dun importante informe da Universidade de Princeton, que avoga por traballar no marco multilateral, se é que Estados Unidos quere seguir liderando no mundo<sup>(7)</sup>. No segundo escenario, trataríase dun proceso que situaría aos Estados Unidos noutro papel no mundo, compartindo poder, competindo por recursos con xogadores moi fortes, e inclusive recorrendo con máis frecuencia ao sistema multilateral e os seus instrumentos para protexer os seus intereses nacionais e globais, pero non necesariamente liderando<sup>(8)</sup>.

O historiador neomarxista Immanuel Wallerstein considera que Estados Unidos está somerxido nun declive estrutural a longo prazo e que o goberno de Bush e a ideoloxía neoconservadora son expresións desa debilidade. Predí, ademais, que o dólar deixará de ser a moeda dominante para os intercambios comerciais globais, e que será substituído por un sistema de múltiples moedas<sup>(9)</sup>.

Paul Kennedy, pola súa banda, o historiador que fai dúas décadas predixo a caída do imperio estadounidense logo de comparalo con outros casos imperiais como o español e o británico, considera que perante os cambios no sistema internacional e o auxe de potencias emerxentes, Estados Unidos podería corrixir o rumbo e seguir sendo unha gran potencia con capacidade hexemónica. Ora ben, ao descoidar a súa débeda fiscal e comercial, especialmente ao emitir cada mes bonos do Tesouro que son comprados polos ministerios de Facenda doutros países (especialmente asiáticos), e promover políticas custosas, agresivas e que lle xeran máis débeda en Oriente Medio e que deterioran o seu *soft power*, Kennedy considera que ese país non se prepara para enfrontar os cambios<sup>(10)</sup>.

Pero William Wohlforth, de Dartmouth College, argumenta que hai unha confusión acerca do concepto de poder e do alcance dos desafíos. Todos os grandes poderes, di, teñen problemas que afrontar: competencias, guerras e variables que, segundo como se interpreten, poden mostrar debilidade ou forza. Fronte a Kennedy, este autor indica que Estados Unidos ten “poder latente” que pode usar se as cousas, por exemplo en Iraq, se complican aínda máis. Por outra banda, outras potencias emerxentes poden facer alianzas con Washington en contra doutros países e, deste xeito, volver a fortalecer aos Estados Unidos<sup>(11)</sup>.

A crise de lexitimidade e o declive dos Estados Unidos é vista con preocupación por diversos gobernos, inclusive aínda que teñan contradicións con Washing-

(7) The Princeton Project, IKENBERRY, G. John e SLAUGHTER, Anne-Marie (codirectores): *Forging a World of liberty under law*, Princeton University, 2006, <http://www.wws.princeton.edu/ppns/report/FinalReport.pdf>.

(8) SCHMIDT, Helmut: *Las grandes potencias del futuro*, Paidós, Barcelona, 2006.

(9) WALLERSTEIN, Immanuel: *La trayectoria del poder estadounidense*, New Left Review, Editorial Akal, Madrid, setembro-outubro 2006, pp67-82.

(10) KENNEDY, Paul: *Vuelve el debate sobre el 'declive' de EEUU*, El País, 20 de xuño de 2006.

(11) WOHLFORTH, William: *Unipolar Stability*, Harvard International Review, primaveira 2007, pp44-48.

ton. A Unión Europea, por exemplo, espera que Estados Unidos volva a ser o líder na era posBush. Na medida en que Europa vese afectada polas divisións internas, pola imposibilidade de ter unha constitución e pola incapacidade de contar cunha política exterior común, Estados Unidos é visto como un líder hexemónico necesario, que prové decisións, inclusive aínda que non se estea de acordo con elas, co fin de non ter que tomalas dende Bruxelas.

Igualmente, para China e Rusia é previsible que desexen unha certa debilidadade dos Estados Unidos pero de ningunha forma que perda totalmente un liderado que, doutra forma, poderían ter que asumir mentres non se achegue a un futuro de múltiples poderes e ningún líder hexemónico.

### Novas e vellas potencias

Este debate, do que aquí se presentan uns poucos exemplos, sobre o declive estadounidense é relevante para analizar se o momento de unipolaridade que marcou Washington desde o fin da presidencia de Bill Clinton, e en constante ascenso durante o mandato de Bush, será a tendencia dominante no futuro ou, polo contrario, retornarase a condutas multilateralistas.

Por unha banda, é probable que a nova administración non faga unha revolución nas grandes liñas da súa política exterior. Se así fose, continuará o unilateralismo, quizais máis moderado. Emporiso, hai quen consideran que o Partido Republicano ten que se renovar para afastar o fantasma deste goberno e que os Demócratas realizarán cambios profundos na política exterior cando non estean co peso do veto do presidente sobre a súas accións. Probablemente non haxa no futuro unha política única dende Washington senón máis dunha, especialmente cara á guerra en Iraq, o conflito palestino-israelí, Rusia e China.

O ascenso económico, comercial e político de China e Rusia, ao igual có da India, Brasil e Sudáfrica, formulan un escenario de múltiples poderes<sup>(12)</sup>. O maior perigo é que esta dispersión do poder avanza en moitos casos cara aos nacionalismos baseados no interese realista máis conservador e non cooperativo, en vez de axudar a formar un sistema multilateral de cooperación internacional. Ou sexa, que poderíamos estar ante unha perigosa multipolaridade. Europa podería ser o único espazo multiestatal baseado nunha vontade e unhas regras de seguridade común e políticas cooperativas, cunha política exterior adecuada a esa forma de se relacionar co mundo. Pero iso obrígaa a ter unha posición coherente e máis firme da que carece actualmente<sup>(13)</sup>.

(12) Ver os *Working Paper e Backgrounder* de Susanne Gratius e Sarah-Lea John, respectivamente, en <http://www.fride.org/> sobre potencias intermedias e a alianza de países IBSA. Tamén COSTA VAZ, Alcides (ed): *Intermediate States, regional leadership and security: India, Brazil and South Africa*, Editora UNB, Universidad de Brasilia, Brasilia 2007.

(13) Ver ADAM, Bernard, AGUIRRE, Mariano, KALDOR, Mary et al: *Europe, puissance tranquille?*, Editions Complexe-GRIP, Bruxelas 2007.

O auxe das novas potencias formulará tamén problemas de competitividade, e rexións que ata agora non tiñan a poderosa ferramenta do proteccionismo verán a necesidade de encontrar novas formas de competir cos *emerxentes* e se adaptar internamente para convivir con eles<sup>(14)</sup>. Os dirixentes dalgúns destes poderes emerxentes, como o caso de Lula da Silva, no Brasil, consideran que “tal vez a maior proba da nosa capacidade de forxar un goberno verdadeiramente global estea no reparto de responsabilidades e custos en canto aos cambios inaprazables que temos por diante”<sup>(15)</sup>. Este concepto de responsabilidades pódese ler como unha actualización práctica da antiga idea de solidariedade entre os países Non Aliñados.

### Riscos conectados

---

Ao observar os cambios que sucederon no sistema internacional desde o final da guerra fría, é importante observar os grandes temas que emerxeron e aos que se enfrontan os estados e o sistema multilateral. Ningún deles é novidoso, pero cada un pasou a ter máis peso, e o conxunto define un escenario internacional diferente e complexo do que se coñecía. Entre eses temas se atopan:

- A crise do Estado.
- O rexurdimento das identidades nacionais, étnicas e relixiosas e, nalgúns casos, a utilización violenta delas (terrorismo).
- A crise ambiental e, en particular, o impacto do cambio climático e a súa relación con posibles conflitos reais por recursos (terras cultivables, auga) entre comunidades.
- A fragilidade dos mercados financeiros internacionais.
- A proliferación de armas de destrución masiva.
- A desigualdade e pobreza global.

Algunhas destas cuestións e a combinación entre elas dan lugar a complexas situacións. Por exemplo, as migracións dependen da pobreza e da crise ambiental crecente que elimina recursos para a supervivencia organizada dunha serie de comunidades. Os modelos de desenvolvemento baseados no consumo masivo de hidrocarburos xeran demandas, competencias e tensións por estes recursos á vez que eses modelos industriais incrementan a crise ambiental. Igualmente, o nacionalismo e unha concepción relixiosa do Estado combínanse coa vontade dalgúns estados en contar con armas de destrución masiva para fortalecer a súa posición hexemónica rexional. E a radicalización das identidades en contextos de pobreza, marxinação e resentimento poscolonial aumenta as posibilidades de creación e lexitimación social de grupos terroristas tanto nos seus países de orixe como noutros cara aos que emi-

---

(14) Ver GIDDENS, Anthony: *Europe in the global age*, Polity Press, Cambridge 2007, pp47 e ss.

(15) LULA DA SILVA, Luiz Inácio: *Los países emergentes en la cumbre del G-8*, El País, 8 de xuño de 2007.

gran<sup>(16)</sup>. Por outra banda, a fragilidade e volatilidade dos mercados financeiros pode causar maior pobreza nunha rexión ou aumentar a desigualdade.

Esta combinación de factores verifícase tamén na cuestión do crecemento das grandes cidades no mundo. O paso do minifundio á agricultura tecnolóxica orientada *in crescendo* á exportación, fomenta maiores migracións cara ás cidades en que é cada vez máis difícil xestionar e prover servizos adecuados a millóns de persoas. Estas cidades pasan a ter estruturas xerárquicas, con periferias violentas en que rexen *sublegalidades* controladas por grupos e líderes vinculados a economías ilegais que desafían a un Estado ausente, e centros protexidos por seguridade especialmente privada.

Estes centros conéctanse, a súa vez, ao sistema económico global. O Estado, en moitos casos, non actúa nestas zonas conflitivas urbanas, a súa vez presente a través da corrupción e convivencia policial nos tráfico e actividades ilícitas. Tamén neste caso hai unha conexión entre as rupturas urbanas e a crise do Estado como provedor de seguridade e réxime legal universal e xusto<sup>(17)</sup>.

O informe que elaborou o grupo de expertos de Nacións Unidas en 2004 resalta, precisamente, esta interconexión de factores para identificar seis áreas de desafíos ou ameazas para o futuro:

- Ameazas sociais e económicas, incluíndo pobreza, enfermidades infecciosas e degradación ambiental.
- Conflitos entre estados.
- Conflitos internos, incluíndo guerras civís, xenocidios e outras atrocidades de gran escala.
- Armas de destrución masiva (nucleares, radiolóxicas, químicas e biolóxicas).
- Terrorismo.
- Crime internacional organizado<sup>(18)</sup>.

## O Estado, cuestión central

---

Hai diversas formas de se aproximar a estas cuestións co fin de comprender mellor a situación de cada país e rexión, e elaborar prácticas económicas, comerciais e políticas. Se a análise se centra na estrutura das relacións internacionais, emerxen dous factores: o Estado e o sistema multilateral de Nacións Unidas.

O Estado continúa sendo o actor central da diplomacia, a economía e a integración na economía global. O sistema multilateral atópase, a súa vez, nunha

---

(16) ABBOT, Chris, ROGERS, Paul e SLOBODA, John: *Respuestas globales a amenazas globales. Seguridad sostenible para el siglo XXI*, Documento de trabajo nº 27, Fríde, Madrid 2006, <http://www.fride.org/>.

(17) Ver KOONINGS, Kees e KRUIJT, Dirk (ed): *Fractured Cities. Social Exclusion, Urban Violence and Contested Spaces in Latin America*, Zed Press, Londres 2007.

(18) *A More Secure World: Our Share Responsibility*, Report of the Secretary-General's High Level Panel on Threats, Challenges and Change, United Nations, New York 2004, p2.

situación crítica pero utilízase polos estados, inclusive os que pretenden deixalo de lado, en situacións de emerxencia.

Pese as diferentes interpretacións que sitúan ao Estado como un actor en declive, e inclusive en vías de extinción ante o avance das multinacionais e outros actores globais, continúa a ser central para negociar a situación en cada país do sistema internacional e para xestionar cuestións internas. Ante unha economía cada vez máis transnacionalizada, o Estado desempeña un papel esencial coma ponte na interacción entre os niveis internos e internacionais. A profesora Saskia Sassen, por exemplo, indica que a globalización económica non podería funcionar sen as capacidades que ofrece o Estado nacional. Ao mesmo tempo, o Estado reconfigúrase e desnacionaliza, pero non desaparece<sup>(19)</sup>.

Nunha dirección similar que reafirma o poder do Estado pero subliña as súas limitacións, o profesor Underhill, da Universidade de Ámsterdam, indica que “o Estado permanece como o principal (e, de feito, legalmente único) actor que toma decisións políticas na anárquica orde internacional e que continuará respondendo aos grupos políticos internos. Pese a iso, está lonxe de posuír todos os recursos políticos e económicos”. Nun sistema de estados que interactúan entre si, “a distinción nas análises entre as dimensións internas e internacionais é artificial”.

De acordo con esta visión, vivimos nun sistema internacional de Estados “en que un amplo arco de diferentes axentes e actores son parte dun proceso político global centrado nas institucións da autoridade política, en particular os Estados”<sup>(20)</sup>.

A cuestión do Estado ten diversas implicacións para os cambios no sistema internacional. Un moi relevante é o impacto que ten a limitación das súas capacidades en aproximadamente 50 países. Unha desas cuestións centrais do sistema internacional é a fragilidade estatal: a debilidade e, nalgúns casos, o colapso, impídenlle cumprir as súas funcións básicas como provedor de bens e seguridade, garante de dereitos e posuidor do monopolio lexítimo do uso da forza.

Esta debilidade limita tamén a súas capacidades como socio do sistema internacional. A fragilidade do Estado ten unha forte vinculación cos conflitos armados e distintas formas de violencia, especialmente porque carece dos instrumentos para xestionar conflitos de intereses entre os actores sociais, con inestabilidades rexionais e, nalgúns casos, como potencial “paraíso” para a práctica e paso de comercio ilícito e albergar terroristas<sup>(21)</sup>.

A teoría da fragilidade do Estado conduce algúns autores a formular que o sistema internacional tende a se fracturar entre Estados centrais democráticos que non usan a forza entre si, estados intermedios en evolución e Estados periféricos ou

(19) SASSEN, Saskia: *Territory, Authority, Rights*, Princeton University Press, Oxford 2007.

(20) UNDERHILL, Geoffrey R.D.: *Conceptualizing the changing global order*, en STUBBS, Richard e UNDERHILL, G. (eds), *Political economy and the changing global order*, Oxford University Press, Oxford 2006, pp5-6.

(21) Ver diversos traballos sobre os estados fráxiles de Susan Woodward, Martin Doornbos, Mariano Aguirre e outros autores na sección paz e seguridade de <http://www.fride.org/>. Estudos de Amélie Gauthier sobre Haití, o único “Estado fráxil” de América Latina e o Caribe tamén en <http://www.fride.org/>.

premodernos que usan a violencia nas súas relacións externas e internas<sup>(22)</sup>. Esta situación induce a respostas do sistema internacional que inclúen unha revisión do papel da axuda internacional ao desenvolvemento, as intervencións humanitarias, a promoción da democracia e a construción do Estado.

Fukuyama, por exemplo, sostén que a crise dos Estados fráxiles é un dos problemas máis graves do sistema internacional e que se debe enfrontar con políticas de construción do Estado que fortalezan as capacidades locais pero, nalgúns casos, débese formular a soberanía compartida (ou protectorados) durante un tempo de transición<sup>(23)</sup>.

Fronte a esta visión, outros investigadores consideran que a crise do Estado, que en gran medida foi xerada polo sistema colonial e poscolonial e pola aplicación de políticas neoliberais nos anos 80 do século XX, é agora utilizada para lexitimar políticas económicas e, eventualmente intervencións militares, que serven para reconfigurar un sistema global neoimperial que continuaría mantendo centros e periferias<sup>(24)</sup>.

A cuestión da fragilidade estatal vincúlase tamén co debate sobre os modelos políticos do presente e o futuro. Hai un acordo xeral en que a democracia liberal é o modelo que ten maior aceptación e forza en todo o mundo. Ao mesmo tempo, a situación en estados débiles ou desintegrados, en que as identidades desempeñan un papel importante nas formas de organización social, como é o caso de Afganistán, Somalia ou Líbano, pon en cuestión que o modelo democrático sexa o máis adecuado ou, en todo caso, que sexa posible que funcione.

Este é unha interrogante grave xa que pon en cuestión decenas de procesos de rehabilitación posbélica (hai aproximadamente cincuenta en curso) e a construción do Estado como, por exemplo, en Haití. Por outra banda, os modelos democráticos tradicionais vense alterados polo exemplo que dan gobernos autoritarios elixidos democraticamente (Venezuela, Irán) e por gobernos que favorecen o ingreso de grandes masas de poboación no consumo por encima dos valores democráticos (China).

## Un multilateralismo complexo

---

No sistema multilateral maniféstanse diversos movementos contraditorios. Por unha banda, a complexidade dos problemas globais e a súa interdependencia indica unha necesidade e demanda maior de xestión compartida, ou sexa, que o sistema internacional e as súas institucións respondan a cuestións nitidamente uni-

---

(22) COOPER, Robert: *The Breaking of Nations*, Atlantic Books, Londres 2004.

(23) FUKUYAMA, Francis: *State-building. Governance and World Order in the 21st Century*, Cornell University Press, Cornell 2005.

(24) Ver, por exemplo, SOGGE, David: *Something out there: State weakness as imperial pretext*, en VANAİK, Achin (ed): *Selling us wars*, Olive Branch Press, Northampton 2007, pp241-268.

versais como a protección do ambiente ou dos dereitos humanos e a loita contra o crime internacional<sup>(25)</sup>.

A súa vez, como o Estado ten esa característica e dobre papel (débil e necesario, xestor do plano interno e conector co externo), é tamén inevitable que o sistema multilateral formado por estados teña un carácter ambivalente en que aparece como redundante a súa vez que necesario.

Esta ambivalencia agrávase polo regreso a políticas realistas tradicionais. En coherencia coas políticas económicas neoliberais, a partir de setembro de 2001 produciuse un regreso ao realismo tradicional e competitivo que sitúa o interese nacional e o equilibrio de forzas por encima da idea kantiana de cooperación institucional entre estados para obter beneficios mutuos e seguridade en común.

O caso de Rusia é moi significativo neste aspecto. Como explica Dmitri Trenin, deputy director do Carnegie Moscow Center, “a forma de entender a política exterior por parte do Kremlin é asumir que, ao ser un país grande, Rusia basicamente non ten amigos: outras potencias non queren que Rusia sexa forte porque podería ser un formidable competidor, e moitos desexan ver a unha Rusia débil á que poidan explotar e manipular. De acordo con este pensamento, Rusia ten a opción de aceptar o sometemento ou reafirmar a súa posición de gran potencia, e reclamar o seu xusto lugar no mundo xunto aos Estados Unidos e China, en vez de estar situada en compañía do Brasil e a India”<sup>(26)</sup>.

A proliferación de armas nucleares por parte de poderes rexionais sería un dos resultados máis graves desta tendencia. O regreso ao realismo, non obstante, non é absoluto porque os estados buscan formas de cooperación, dentro e fóra do sistema multilateral tradicional, sexa en organizacións rexionais, en asociacións industriais-económicas-comerciais, e incluso no terreo da seguridade en operacións de mantemento da paz.

Máis aínda, as grandes potencias que se ven desprazadas, en particular Estados Unidos, poderían utilizar no futuro próximo os marcos multilaterais como unha maneira de controlar e pactar unha orde coas potencias emerxentes<sup>(27)</sup>. A súa vez, o sistema internacional conta con outros actores non estatais (desde organizacións non gobernamentais ata grupos armados) que teñen peso e capacidade de negociación.

Esta tensión entre o interese nacional de case 200 estados do sistema internacional e os problemas e intereses comúns están presentes dende a creación das Nacións Unidas e convivirá con ela no futuro. Os estados tenderán a facer diversas alianzas sobre cuestións puntuais (por exemplo, o comercio ou o ambiente) con moi diversas variables que nalgúns casos rompen coa tradicional división Norte-Sur. Ante

(25) BAYLIS, John e SMITH, Steve: *The globalization of world politics*, Oxford University Press, Oxford 2005, p725.

(26) TRENIN, Dmitri: *Russia leaves the West*, Foreign Affairs, xullo-agosto 2006, <http://www.cfr.org/publication/10953/>.

(27) Esta é a tese e recomendación de DREZNER, Daniel W.: *The new world order*, Foreign Affairs, abril 2007, <http://www.foreignaffairs.org/>.

a predición (ou desexo, no caso dos neoconservadores) de que a ONU desaparecerá ou será totalmente ineficaz, a realidade será máis sutil: as organizacións multilaterais continuarán a ser necesarias para negociar e xestionar e continuarán tendo unha difícil relación entre os Estados que as crean, as sostén e, asemade, non se queren ver superadas nin controladas por elas<sup>(28)</sup>.

Aínda que as reunións do G-8 e do Foro de Davos acostuman a ser máis declarativas ca resolutivas, nos últimos anos introduciron e mostraron que cuestións como a crise ambiental e a pobreza están incorporadas nas súas axendas, aínda que non necesariamente nas súas prácticas máis eficaces. No último ano, a presión aumentou para que os gobernos adopten medidas contra o quentamento global e para que vinculen a crise ambiental cos seus modelos económicos e que consideren que o deterioro do medio físico aumentará a presenza de “refuxiados ambientais” e a tensión violenta entre comunidades por recursos como a auga e a enerxía. A crise ambiental analízase como un factor “multiplicador de conflitos”<sup>(29)</sup>.

O sistema internacional, en resumo, atópase sometido a profundos cambios e tensións que non se previron ao final da guerra fría. Asegurábase un longo dominio dos Estados Unidos, críase que Rusia continuaría débil, non se imaxinou que China medraría tanto, e unha alianza entre poderes como Sudáfrica, Brasil e India ao redor de intereses puntuais parecía algo romántico do pasado.

Tampouco era imaxinable hai vinte anos que líderes populistas como Chávez e de esquerdas moderados como Lula ou a presidenta chilena Michelle Bachelet puidesen sobrevivir sen seren derrocados polas súas elites e pola CIA. O mundo mudou drasticamente e iso obriga a reflexionar sobre o papel de cada país e rexión, as súas alianzas, posibilidades e responsabilidades<sup>(30)</sup>.

A resposta que se deu dende o neoconservadurismo a estes problemas de declive e complexidade foi o uso da forza e tratar de impoñer a democracia e cambiar réximes sen mirar ao mundo real. O resultado foi o de exacerbar as contradicións e os problemas. Precísanse, polo tanto, visións sofisticadas e innovadoras.

---

*Mariano Aguirre é director da Área de paz, seguridade e dereitos humanos da Fundación para las Relacións Internacionais e o Diálogo Exterior (Fride), Madrid. Este artigo foi publicado na revista El Diálogo Político (Buenos Aires).*

---

(28) Ver KENNEDY, Paul: *The parliament of man. The past, present and future of the United Nations*, Harper Collins, Toronto 2006.

(29) HOMER-DIXON, Thomas: *Terror in the weather forecast*, International Herald Tribune, 25 de abril de 2007.

(30) Sobre os estudos internacionais e a súa adaptación aos cambios ver HALLIDAY, Fred: *Las Relaciones Internacionales y sus debates*, Informe, Centro de Investigación para la Paz, Madrid 2006.